



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ELABORACIÓN DUNHA INVESTIGACIÓN DIAGNÓSTICA-AVALIATIVA E PROSPECTIVA SOBRE A FORMACIÓN E A PROFESIONALIZACIÓN NA ACCIÓN CULTURAL PÚBLICA EN GALICIA.

D. Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura e Turismo para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro de 2018, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991

D. Antonio López Díaz, con NIF 76565571C, en virtude do seu cargo de reitor da Universidade de Santiago de Compostela (CIF Q1518001A), para o que foi nomeado polo Decreto 57/2018, do 31 de maio da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 20 de Lei Orgánica 6/2001 de Universidades e no artigo 85 dos Estatutos da USC

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Que a Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de creación e difusión cultural. Dentro dese ámbito de actuacións vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación e promoción da cultura para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

Que a Consellería, a través da Dirección Xeral de Políticas Culturais, e Universidade de Santiago de Compostela (Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental, SEPA-interea) consideran esencial a elaboración dunha investigación diagnóstica-avaliativa e prospectiva sobre a formación e a profesionalización na acción cultural pública en Galicia, poñendo énfase nas distintas circunstancias que concorren nos seus perfís formativos,





profesionais e sociolaborais en distintos contextos e realidades, fundamentalmente no ámbito das Administracións Locais de Galicia.

Que con este propósito, e tendo como soporte as achegas teórico-conceptuais, metodolóxicas, contextuais, empíricas, documentais, etc. que sexan pertinentes en cada caso, constituírase un equipo de investigación.

Que se trata dun grupo de investigación baixo a dirección-coordinación do profesor Dr. José Antonio Caride, Catedrático de Pedagogía Social na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade Santiago de Compostela, coa participación de PDI das tres universidades galegas, con docencia e investigación nos campus de Santiago de Compostela, Lugo, A Coruña, Ourense e Pontevedra.

Que este grupo de investigación constituído polas tres universidades galegas fixo no ano 2006-2007 un estudo avaliativo das carencias, das necesidades e das demandas formativas dos-das responsables técnicos-as das institucións de titularidade pública e privada de interese público no ámbito da xestión e da acción cultural na Comunidade Autónoma.

Que as actuacións obxecto deste convenio son unha mera actualización do traballo de investigación realizado en 2006-2007 cuxa titularidade e uso común son da Consellería e da Universidade de Santiago de Compostela. Polo tanto, dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que este equipo de investigación asume o compromiso de realizar un estudo do que se derivará o correspondente informe de investigación que, provisoriamente, terá como título *“formación e profesionalización na acción cultural pública en Galicia”*, no que ademais de realizar unha análise diagnóstica das súas realidades en clave de pasado-presente, tomando en consideración as informacións, datos, valoracións, etc. de persoas, colectivos, entidades, etc. directamente interesados neste ámbito, do seu estado de cuestión noutras Comunidades Autónomas e mesmo países da contorna europea (visión comparada), serán incorporadas propostas, recomendacións, suxestións, etc. emanadas da análise realizada que contribúan a orientar as decisións que poidan





adoptarse no futuro nas distintas instancias concernidas, e que a priori poderán incidir na mellora do rol profesional e sociolaboral destes profesionais, valorizando os seus sinais de identidade formativos e profesionais, así como das transicións que se produzan entre ambos, nos amplos e diversificados escenarios do quefacer sociocultural en Galicia, tendo como horizonte o ano 2030.

Que metodoloxicamente propónse un estudo que, inicialmente, oriente a súa recollida de información e ao seu tratamento cara a unha avaliación diagnóstica e de necesidades complementada cunha abordaxe propia das avaliacións decisionais e prospectivas, na que se combinarán informacións de natureza cuantitativa con outras cualitativas (cuestionarios ou enquisas elaboradas *ad hoc*, grupos de discusión, entrevistas estruturadas, elaboración de perfís formativos e profesiográficos, etc.), sen obviar a posibilidade da aplicación dunha técnica Delphi con especialistas de recoñecido prestixio nacional e internacional neste ámbito. E, tanto como sexa factible, o estudo dos marcos normativo-lexislativos, académicos (na Formación Profesional e nas Ensinanzas Universitarias) e profesionais que regulamentan e/ou orientan os procesos de contratación laboral, as funcións e tarefas desempeñadas, os procesos de inserción da formación á profesión, etc.

Que as informacións obtidas terán o correspondente tratamento técnico, a través dos programas informáticos ao uso, estén orientados á análise de información cualitativa e/ou cuantitativa nas súas versións mais actualizadas. Xunto coa súa interpretación serán ofrecidas as táboas, cadros, representacións gráficas, etc. ás que den lugar en cada caso. O informe será convenientemente elaborado, redactado e maquetado para a súa presentación no mes de maio de 2020, coa difusión pública que oportunamente se estableza.

Que o Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA-interea), GI-1447 da USC é desde os inicios da súa convocatoria, fai mais dunha década, **Grupo de Referencia Competitiva no Sistema Universitario Galego**, nas convocatorias que a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia ten realizado nos últimos anos; polo que se considera que queda garantido o rigor esixible a un traballo de natureza científica, cos estándares de calidade requiridos a tal fin.

Para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes





asinantes nas que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Santiago de Compostela (Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental, SEPA-interea) para a elaboración dunha investigación diagnóstica-avaliativa e prospectiva sobre a formación e a profesionalización na acción cultural pública en Galicia, poñendo énfase nas distintas circunstancias que concorren nos seus perfís formativos, profesionais e sociolaborais en distintos contextos e realidades, fundamentalmente no ámbito das Administracións Locais de Galicia.

Actuacións

Dende a sinatura do convenio ata xaneiro de 2020 (incluído):

- 1) Análise diagnóstica dos perfís académicos e formativos dos profesionais da acción cultural en Galicia, tanto no que respecta á formación inicial como permanente, continua ou “en servizo”.
- 2) Análise diagnóstica dos perfís profesionais e sociolaborais da acción cultural pública en Galicia: procesos de transición e inserción da formación á profesión, marco normativo e situación retributiva-laboral, funcións, tarefas, responsabilidades, etc.
- 3) Avaliación de necesidades formativas tanto desde unha perspectiva académica como profesional en clave de futuro.

Dende febreiro a maio de 2020 (incluído):

- 4) Elaboración de propostas, suxestións, recomendacións, liñas de actuación, etc. respecto dos perfís formativos, profesionais e sociolaborais desexables con visión de futuro.
- 5) Organización dun foro de reflexión e debate.
- 6) Presentación de Informe final mediante acto público.





SEGUNDA.- Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a elaborar convenientemente un informe, redactado e maquetado para a súa presentación no mes de maio de 2020, coa difusión pública que oportunamente se estableza.

A Universidade comprométese a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

A Universidade deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura e Turismo para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

A Universidade ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- Financiamento

O custo total das actuacións ascende a 33.000 €.





A Consellería contribuirá no desenvolvemento das actividades previstas neste convenio coa achega de 30.000 €, (IVE incluído), para o que existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 11.20.432B.640.0, proxecto 2015 370, coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade 2019: 15.000 €

Anualidade 2020: 15.000 €

A Universidade achegará a cantidade de 3.000 € así como os medios materiais, recursos humanos e técnicos precisos para a realización das actuacións.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

O prazo para xustificar os gastos será:

Para a anualidade 2019: 20 de decembro de 2019

Para a anualidade 2020: 30 de xuño de 2020

Logo da realización da actuación prevista no obxecto do convenio, a Universidade entregarlle á Consellería un informe convenientemente elaborado, redactado e maquetado para a súa presentación no mes de maio de 2020.

Xustificación da anualidade 2019:

Certificación detallada de execución das actuacións realizadas e dos gastos realizados. O libramento da cantidade establecida para 2019 realizarase, logo da presentación da certificación detallada dos gastos.





Xustificación da anualidade 2020:

A Consellería, unha vez entregado o informe final, realizará o libramento da cantidade establecida para 2020, logo da presentación da certificación detallada dos gastos.

Aos efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados no ano 2019 a partir da data de sinatura do presente convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase proporcionalmente.

A Universidade responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

QUINTA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Universidade acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA- Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes

A titularidade da investigación e uso común serán da Consellería de Cultura e Turismo e da Universidade de Santiago de Compostela. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas as dúas partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

A Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados da investigación que, en todo caso, terán carácter público.

En calquera caso a Universidade poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.





Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 30 de xuño de 2020.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Políticas Culturais ou a persoa en quen delegue, e polo reitor da Universidade ou a persoa que designe en substitución.

NOVENA.- Modificación denuncia e rescisión do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

DÉCIMA.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal





xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Normativa aplicable e xurisdición

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

Pola Consellería de Cultura e Turismo

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Román Rodríguez González

Antonio López Díaz



Xacobeo 2021

